

# Aberto Internacional de Nadal Ourense 2022

## Sub 2400

26, 27, 28 e 29 de Decembro

### Bases

1. O Aberto Internacional de Xadrez de Nadal Sub 2400 Ourense 2022 terá lugar os días 26, 27, 28 e 29 de decembro en modalidade Xadrez Estándar a 7 roldas na SALA MULTIUSOS DA SOCIEDADE CULTURAL ALBOR, calle Greco, 7, 32002 Ourense.
2. O torneo é organizado polo **Club Xadrez As Burgas** co apoio da Sociedade Cultural Albor, o Consello Municipal de Deportes de Ourense, Asociación Ourenzana de Xadrez e a Deputación de Ourense.
3. O torneo é aberto a todos os xogadores con licencia en vigor da Federación Española de Xadrez ou calquera outra Federación recoñecida pola FIDE e **con Elo inferior a 2400 puntos. Será valedeiro para Elo FIDE e FEDA de Xadrez estándar.**
4. O torneo será disputado mediante sistema suízo a 7 roldas con **60 minutos + 30 segundos por xogador**, sendo utilizado o programa vega para o cálculo dos emparellamentos, clasificacións e desempates.
5. Os xogadores terán o dereito de **solicitar ata 3 byes** de medio punto, salvo na última rolda. O participante achegará coa inscrición a súa solicitude de Byes.
6. O **desempate** para os xogadores empatados a puntos será:
  - 1.Resultado particular
  - 2.Butcholtz -1.
  - 3.Butcholtz mediano.
  4. Butcholtz total.
  - 5.APRO.
7. As inscricións co resgardo do pagamento faranse enviando un correo electrónico indicando Nome, Apelidos, ID e Clube a: [xadrezasburgas@gmail.com](mailto:xadrezasburgas@gmail.com)  
Nº de conta:  
ABANCA  
ES88 2080 0450 8630 4008 9416 - CLUB XADREZ AS BURGAS

O xogador quedará inscrito na proba unha vez enviado, recibido e comprobado o resgardo do pagamento dos dereitos de inscrición. A data límite para a inscrición será o sábado 24 de decembro as 24 h. **A inscrición pechará automaticamente ao chegar aos 80 participantes.** Non obstante, **toda inscrición posterior ao domingo 18 de decembro, 24h, terá un recargo de 5 euros e dependerá da dispoñibilidade da sala.**

Somente se devolverá a inscrición por causa de forza maior e debidamente xustificada.

Aqueles xogadores que non teñan ID deberán indicalo para que o solicite o árbitro do Torneo. Aqueles xogadores extranxeiros que non teñan ID deberán solicitalo a súa propia federación.

Calquera dúbida será atendida por Wassapt no número móvil 609709184.

Para calquera posibilidade de ofertas en aloxamento, contactade coa organización a este número.

Web de publicidade: [www.xadrezasburgas.net](http://www.xadrezasburgas.net)

#### 8. Os dereitos de inscrición quedan fixados como segue:

Titulados GM e MI	exentos
Xeral	25 E

\*\*\*Estas cotas serán recargadas con 5 Euros despois do domingo 18 de decembro, 24 h.

Dependendo da dispoñibilidade da sala, a organización pechará a inscrición ao chegar aos 80 inscritos.

#### 8. Calendario da proba:

1º rolda	Luns 26 de decembro, 15 : 30.
2º rolda	Luns 26 de decembro, 19 : 00.
3º rolda	Martes 27 de decembro, 15 : 30.
4º rolda	Martes 27 de decembro, 19 : 00.
5º rolda	Mércores 28 de decembro, 15 : 30.
6º rolda	Mércores 28 de decembro, 19 : 00.
7º rolda	Xoves 29 de decembro, 16 : 00.
Entrega de premios	Xoves 29 de decembro: 19 : 00.

**O tempo de espera desde o inicio da rolda será de 45 minutos.**

#### 9. Serán atribuídos os seguintes premios:

Clasificación Xeral:

Campión	300 € + trofeo
Subcampión	200 € + trofeo
3.º	150€ + trofeo
4.º	125€
5.º	100€
6.º – 10.º	75€
Campioa Feminina	75€+ trofeo

Campión veterán + 50	75€+ trofeo
----------------------	-------------

Tramos Elo:

1.º sub 2000	75€+trofeo
1.º sub 1600	75€+trofeo
1º: sub 1200	75€+trofeo

Total: 1625 E

**A organización disporá outros premios non monetarios.  
Os premios monetarios non son acumulabeis. Outorgarase o mellor de dous.  
Para recibir o premio, será obrigatorio estar presente no acto de entrega.**

10. O presente torneo será arbitrado por:

Árbitro principal: Manuel García Fernandez AN ID 2270226

Árbitro adjunto:

Director do Torneo: Julia Arcos Rodriguez.

11. A organización resérvase o dereito de alterar as presentes bases en beneficio do adecuado desenvolvemento do torneo.

12. A participación na proba implica a aceptación do presente regulamento. Os participantes autorizan a organización a utilizar os datos personais proporcionados, así como as fotos ou vídeos, para as finalidades propias relacionadas coa xestión do torneo e a súa divulgación na Internet e nos medios de comunicación social.

13. A participación na proba implica igualmente a aceptación das medidas do protocolo Covid do momento divulgadas polas autoridades sanitarias.

